

Orosia Gil Ramos, Alsira Gil Ramos, Ólida Diz Ramos (Pandereteiras *da Alén*)

É un honor para min poder facer a gabanza das Mestras da Memoria, as señoras Ólida Diz Ramos, Orosia Gil Ramos e Alsira Gil Ramos, neste ano 2017.

Un honor é unha responsabilidade, e gustaríame dicir en primeiro lugar que a semana pasada fomos visitalas ás tres e, dentro do imperio da idade e as súas circunstancias, encóntranse ben, e reciben con alegría e agradecemento a lembranza que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega tivo para con elas.

Lugo, así e todo, queda un pouco moito lonxe de onde nós somos, que lle chaman a parroquia de Xirarga, e para elas, que contan con 91, 95 e 97 anos de xuventude, é un esforzo grande por demais asistir hoxe a esta festa.

A señora Ólida, por exemplo, díxonos que vos dixeramos que quedaba con «*sentimento por non poder actuar*» aquí, e paréceme que nesta frase se resumen tres ideas que eu asocio a estas tres mulleres -e a moitas mulleres e homes da nosa Terra: a xenerosidade, o traballo e a arte. Xenerosidade, por compartir o que se ten con alegría; arte, por coñecer as palabras xustas, como 'sentimento'. E despois está a palabra *traballo*.

Como tratarei de transmitir nestas miñas palabras, que non queren ser moi longas, as vidas destas tres Mestras da Memoria estiveron cheas de traballos, cousa que se ve ben nas súas maus, afeitas a cavar, a segar, a ir por auga á fonte de pequenas. Pero non só. A canda os labores, a Cultura, feita copla ou feita canto ou feita dito ou feita conto, creados e mantidos e transmitidos de xeración en xeración. Sabedoría da nosa xente onde beberon figuras coma Castelao ou a propia Rosalía de Castro.

Gustaríame dar unha pequena orientación xeográfica: é a Alén un dos lugares que conforman a parroquia de Xirarga (no concello de Beariz, provincia de Ourense -así como no sur da comarca histórica da Terra de Montes). O extremo noroccidental da provincia de Ourense.

Polos arredores e desde que se garda memoria, sempre se falou del, do lugar da Alén, como lugar de xente alegre, faladeira e sabedora da arte de facer música.

Acompañando días e traballos, a música local chega aos nosos días a través das romarías e das festas do lugar, onde puidemos coñecer de viva voz a arte das veciñas e veciños. Ruadas na eira da Alén (a eira *dos Durás*), na eira de Riba, na carballeira do Cotapereira, na romaría do Santo Domingo..., onde os máis novos soubemos de pezas como *Baila aquí mi morena*, *Aires de la Habana*, *O Tarrantantán*, *O Tremelique...*

Foron moitos os veciños de Xirarga e da Alén que contribuíron a conservar e difundir o patrimonio musical do lugar, e citamos non só a Orosia, Alsira e Ólida, senón tamén a Sara, Aurelio, Adelia, Odilo, Manolo, e recordamos así mesmo a Eliseo, Raúl ou Celsa -

que xa non están por onda nós-, veciños todos do lugar, elo que nos vencella con tempos vellos pero vivos, onde se cadra non hai cedés nin mp3 pero a xente canta e baila, poño por caso:

Miña gargantiña rouca
miña gargantiña rouca.
Heite de levar á feira
heite de cambiar por outra.

As pandeiretas fan o son e o público asiste á flor da música, que agroma e pervive. Entre elas, hoxe facemos mención especial ás tres primeiras, que por moitos anos e aínda hoxe, mantiveron viva a música popular entre os veciños e polos arredores.

Co tempo da recolleita, que nas últimas décadas permitiu rexistrar en novos soportes os saberes artísticos da nosa xente grazas ao labor de traballadores da cultura que peneiran os camiños do país, músicos de Galiza enteira coñeceron os cantares do lugar, e agora estes fan parte do repertorio de grupos, entre outros, como O Fiadeiro, Castro Floxo, Maghúa ou os pandereteiros d'O Tear de Llerena; e quedaron rexistrados así mesmo no Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense. A esa xente tamén debemos agradecer. E nas coplas, para os amantes das palabras, pequenas alfaias coma o seguinte:

Xirarguiña para cantar
Xirarguiña para cantar.
Anque non cantan moi alto
sábeno adoneirar.

Non debe haber cousa mellor para unha copla ca que sexa *adoneirada*. Pero onde repousa o donaire? Marcelo do Bode, voz do grupo Primordiais e mestre de canto e instrumentos tradicionais, difunde o legado das Pandereteiras da Alén e o seu 'toque' particular, especialmente rápido e singular. *Punkies*, escoitámoslle dicir unha vez. Ese toque parece *punkie*. Preguntando no lugar, unha das teorías é que houbo xente que emigrara a Asturias e de alí puido vir esa maneira outra de tocar, aínda que isto non puidemos confirmalo. A señora Ólida, tocadora aínda en activo, énos máis lacónica: «Nós dámoslle... outra volta.»

Co gallo da Polafía organizada pola AELG en setembro de 2011 na parroquia, tivemos a oportunidade de escoitar unha vez máis, pandeireta na man, ás tres mulleres que agora son homenaxeadas co galardón de Mestras da Memoria: Orosia Gil Ramos, Ólida Diz Ramos e Alsira Gil Ramos, que volveron agasallarnos coa súa arte máis

recentemente, cando en outubro de 2016 os veciños organizaron unha homenaxe na súa honra. Elas, camiño dos cen anos, mantiveron ao longo da vida sempre aceso o facho da música e o canto. Foron, nesta ocasión tamén e novamente, a alma da festa, e mesmo cantaron algunha copla nova, que ninguén oíra aínda.

Orosia Gil Ramos naceu o 27 de marzo de 1922 no lugar da Alén, onde traballou nos oficios do campo, tivo gando, andou ao xornal e tamén trouxo á vida e criou un fillo, Manuel, que para os máis dos veciños é Manolo d'Orosia e actualmente coida con agarimo a súa nai. Fillá ela do Tío Bautista, dos "Xiles" ou "Xilotes", a señora Orosia criou-se ao calor da fragua e coma o seu defunto irmán Eliseo -de quen se lembra tamén no lugar o seu saber no cantar e a elegancia no baile-, foi afeitada a mazar no ferro, é forte e ten sempre sorriso na cara e a alegría xenerosa. Alén da arte do canto e dunha vasta memoria, que lle permite lembrar un grande número de coplas, coñece tamén outras historias de tradición oral, que conta co cariño e a cadencia precisas. Parece que lembramos aquel conto do año e máis a ovella, que estaban *pacicando*:

-Mamá, vámonos. Que virá o lobo, e comeranos.

-Pacica, meu fillo, pacica; que mañá choverá ou nevará, ou quen sabe o que fará..

E o lobo aparece, pero non triunfa.

Ólida Diz Ramos naceu o 22 de setembro de 1926. Coma as súas compañeiras, sempre foi tida por larga no traballo, e por boa veciña. A canda Orosia, mantivo a alegría das festas e conserva así mesmo unha memoria minuciosa dos avatares da vida do lugar, dos que foron para lonxe (o seu irmán Manuel, por exemplo: emigrado a Belo Horizonte, poeta e activista cultural entre os españois de Minas Gerais) e das historias que oiu de nena. Coma o caso da "Granxa de Balboa", lugar mítico do monte da Alén onde foi desterrado un veciño «a onde non se oíse galo cantar nin campá tocar». De Ólida aprenderon moitos máis novos a tocar. A súa sobriña Ana, e a filla de Ana, Paula, herdaron dela a voz e o amor pola nosa música.

Alsira Gil Ramos, tamén da estirpe dos "Xilotes", naceu o 14 de setembro de 1920. Muller independente, traballou e fixo por vida en por ela, así coma as outras homenaxeadas. Aínda que os anos debilitaron as súas forzas, aínda hai pouco era o día que se prestaba a axudar a quen precisase. Debaixo do corredor da súa casa hai un banco onde aos veciños lles presta sentar ao abrigo a falar con ela dos seus recordos da vida. A pandeireta está enriba, na casa, sempre pronta, e na súa memoria garda as coplas que sempre cantou nas festas da aldea. Coma as súas compañeiras, viviu a vida

no lugar, sacado unha temporada que, de nova, pasou en Pontevedra. En palabras dela: «Alá a xente é moi falante, coma aquí.» Sempre ten unha palabra amábel para os que se achegan polo lugar, o lugarciño da Alén que

*...de lonxe parece vila
se non foran os outeiros
que ten do lado de riba.*

Efectivamente, contra o nacente repousan as abas do monte do lugar, que por nome leva *o Ceo*. Desde Xirarga e en Lugo, agradecemos a sensibilidade da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para coa literatura de tradición oral e celebramos a escolla como Mestras da Memoria para as Pandeireteiras da Alén, Dona Orosia, Dona Ólida e Dona Alsira, exemplos da cultura creada, mantida e transmitida polos que aquí foron antes ca nós, presenza viva da poesía e música, tesouro en vida onde repousan xotas, muiñeiras, pasodobres, cantares de reis, aturuxos e a sabedoría e a sensibilidade popular feita poema musicado.

*Centro Cultural Vello Cárcere de Lugo, 27 de maio de 2017
Poldo Cañizo*